

Proxecto EDA 2008. Galicia

Práctica 2

Esther Pérez Fernández

1. Disponibilidade da aula de informática

A aula que imos utilizar no proxecto e a 2ª aula de informática do centro, recién dotada pola Consellería, e que está libre a disposición do profesorado das distintas materias, posto que a outra resérvase para a área de tecnoloxía e informática. Polo tanto, non tiven problema para dispoñer dela o tempo que considere oportuno.

De todos os xeitos, das catro horas semanais de matemáticas en 3º da ESO soamente imos impartir tres na aula de informática. Pensei que era bo reservar unha hora semanal para a aula ordinaria. En parte por ser un grupo de alumnos con alto porcentaxe de repetidores, para que non perdan moito o norte coas novas tecnoloxías, e quizáis tamén un pouco por prudencia do propio profesor, para ir comprobando día a día como resulta a aprendizaxe con esta nova forma de ensinanza.

2. Características dos ordenadores

Os ordenadores proceden da última dotación da Xunta, chegaron o centro o curso pasado, e se instaláron agora na nova aula de informática. Son, por tanto, novos. As súas características son:

- AMD Athlon 64 X2 Dual
- Core processor 5.600 +
- 2816 GHz
- 1.93 GB de RAM
- Windows XP 2002 Profesional

3. Agrupamento de alumnado

Na aula hai 14 ordenadores para o alumnado e un para o profesor. A configuración do grupo de 3ºESO A co que se realizará a experiencia é finalmente de 16 alumnos. Por tanto, non hai exactamente un ordenador por alumno. Terá que haber dous grupos de dous persoas. Unha vez que se coñezan as particularidades dos alumnos (o seu nivel de interese nas matemáticas, as dificultades que se lle prantexan, etc.), decírase se facer eses dous grupos fixos ou ir rotando as parellas.

4. Distribución dos equipos

Os ordenadores están dispostos en U, 5-4-5 , e aparte o do profesor. É por tanto unha configuración adecuada para realizar un bo seguimento do traballo do alumnado.

5. Conectividade a rede

A aula conta con conexión á internet, e ademais o Descartes está instalado no disco duro de cada ordenador, para poder traballar tamén sen rede. No escritorio haberá un acceso directo ó directorio Descartes, para facilitar ó acceso.

6. Outros medios didácticos

A aula conta con encerado, o que penso que pode ser de utilidade como apoio para dar algunha que outra explicación en caso necesario. Ademais, probablemente contaremos con software de control de equipos, para bloquear as pantallas dos alumnos, o facer que vexan, nun determinado momento, a escena ou o texto que o profesor queira.